

# Obradoiros para o alumnado do Enreguéifate 2023-24



Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo organizado polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

## HABILIDADES

A regueifa fomenta a capacidade de articular un discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades e traballa habilidades como a escoita ou a atención e o respecto pola persoa interlocutora.

Na mocidade, é unha potente ferramenta para desenvolver a autoconsciencia, a seguridade propia e a autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

## METODOLOXÍA

Partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa. A interacción é continua e empréganse técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, dáselle azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

## DATAS DE REALIZACIÓN

Esta primeira quenda de obradoiros realizaranse en horario de mañá entre o **6 ao 14 de novembro**.

(\*Haberá unha segunda rolda de formación no primeiro trimestre de 2024).

## DURACIÓN

A duración de cada obradoiro é de 90 minutos, polo que se desenvolverá en dúas sesións seguidas de 45 minutos cada unha (dúas clases).

## NIVEIS E NÚMERO DE PARTICIPANTES

Os obradoiros están dirixidos a escolares de 5º e 6º de Primaria e Secundaria, en grupos de ata 30 persoas.

## INSCRICIÓN

Antes do 14 de outubro, cubrindo o formulario de inscrición, dispoñible tamén na páxina: <https://enregueifate.gal/alumnado/>

## ALGUNHA DÚBIDA?

Contacta co Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, no correo [normalizacionlinguistica@pontevedra.eu](mailto:normalizacionlinguistica@pontevedra.eu) ou no teléfono **986 863 157**.

